

A misty forest at sunrise or sunset. Tall, slender trees stand in a line, their trunks dark against the bright, hazy light. The ground is covered in a thick layer of fallen, golden-brown leaves. The overall atmosphere is serene and slightly mysterious.

A CASA DO MEDO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

rodeira

periscopio

A CASA DO MEDO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

A CASA DO MEDO



rodeira

© Agustín Fernández Paz, 2016

© Ed. Ga.: rodeira, 2016
Rúa Rafael Alberti, nº 11, baixo
15008 A Coruña
www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41
contacta@edebe.net

Directora da colección: Reina Duarte
Editora: Elena Valencia
Fotografía da cuberta: Shutterstock

Primeira edición, setembro 2016

ISBN 978-84-8349-531-5
Depósito Legal: B. 14595-2016
Impreso en España
Printed in Spain
EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

«... o home precisa en primeiro lugar, como
quen bebe auga, beben soños.»

Álvaro Cunqueiro: *Imaxinación e creación*

Índice

1. Despois de tantos anos	9
2. A Casa do Medo	17
3. Unha porta aberta	22
4. O pasadizo oculto	28
5. O recinto das sete portas.....	32
6. A nena de néboa	37
7. Estraño xogo de dados.....	42
8. Un corvo providencial	51
9. A Illa da Lúa	58
10. A casa da Maga.....	64
11. Unha tarde con Aurora	73
12. En perigo de morte	77
13. Un inimigo poderoso.....	84
14. O Bosque Sombrío	92
15. A Mansión dos Penedos	97
16. Atrapado na rateira	102
17. O Señor das Serpes	108
18. Tempo de dicir adeus	115
19. Os camiños do regreso	119
20. O final da noite	125

1. Despois de tantos anos

Onte regresei a Valverde, a vila onde transcorreron os primeiros doce anos da miña vida. Nunca antes volvera a ela, mesmo a borrei da memoria durante varias décadas; Valverde só era o nome que aparece nas biografías e textos referidos á miña persoa ou ás miñas obras que se poden ler en múltiples páxinas da Rede. A vida levoume por lugares diferentes e afastados, e durante moito tempo crin que a iso se debía o esquecemento das miñas raíces primeiras. Mais hoxe sei que había outras razóns máis poderosas.

Desde que abandonamos a vila, tampouco na miña casa se volveu facer referencia a ela. Neste asunto, a miña nai era tallante: «Teu pai e mais eu pasamos alí trece anos, foi máis que suficiente. O mundo é ben máis extenso que os límites de Valverde. Pola miña parte, esa etapa xa está esquecida para sempre.»

Foi doado borrar a memoria. Axudounos a nosa mudanza a Vigo, onde meu pai lograra un posto de moito relevo na súa empresa; a fascinación da cidade axiña me fixo esquecer a vila e, sobre todo, o que me ocorrera nela: o «desagradable incidente», como lle chamaba a miña nai. A axuda dos psiquiatras infantís que me trataron durante varios meses foi decisiva para sepultalo no máis profundo do meu cerebro.

En Vigo comecei o bacharelato elemental e cursei todos os estudos medios, incluído o Preuniversitario. Despois marchei para Barcelona, en cuxa universidade me licenciei en Filosofía e Letras, se ben o que de verdade me atraía era a súa intensa vida artística, que contrastaba co panorama gris dominante na maior parte de España. Alí foi onde se consolidou a miña paixón pola pintura, a arte que me fixo abandonalo todo e marchar a París, a cidade onde podería facer realidade os meus ideais.

Unha decisión difícil, que axiña se revelou acertada. Foi nas beiras do Sena onde agromou con forza a miña creatividade, alí iniciiei a traxectoria profesional que me converteu no

artista de sona que hoxe son. E foi tamén en París onde encontrei a Carol, o amor da miña vida, de quen xurei non separarme nunca.

Mamá morreu hai oito meses, sospeito que non deu superado a soidade provocada pola ausencia do meu pai. Vinme entón na obriga de facer o inventario do que había na súa casa, un labor doloroso e inevitable. Só desexaba conservar o que para min tivese unha compoñente sentimental. Entre os seus obxectos persoais, agochado entre algunhas camisas nun caixón da cómoda, atopei un estoxo azul que ela nunca me ensinara. Foi o azar quen me levou a el? Por que mamá o mantivera en secreto durante tantos anos?

Coñecer o seu contido provocou unha inesperada revolución no meu interior, foi a mellor demostración de que todas as experiencias da vida permanecen dentro de nós. Nada desaparece por completo, por máis que o creamos esquecido. O estoxo azul forzoume a recuperar unhas lembranzas que, malia seren incompletas, introduciron en min unha persistente inquietude que desde aquela permanece moi viva.

Ese inesperado desacougo era un motivo máis para non regresar nunca a Valverde. E non volvería á vila de non ser porque, aos meus sesenta anos, a corporación municipal decidiu homenaxearme co título de Fillo Predilecto e bautizar un novo parque co meu nome. Tras varios días de dúbidas, aceptei a proposta, convencido polas palabras de Carol: «Non debes faltar. Alí foi onde asistiches á creación do mundo. Tes diante a oportunidade perfecta para pechar o círculo».

Onte, despois de voar desde París ata Compostela, un taxi tróuxome a este hotel, sen dúbida o mellor da vila. Fatigado polas horas de viaxe, pedín que me subisen ao cuarto unha cea frugal e non tardei en deitarme. Malia o cansazo, apenas puiden durmir: unha inquietude difusa non me deixaba acougar. Invadíame a sospeita de encontrarme nun lugar equivocado, quizais nunca debera iniciar aquela viaxe. Poucas veces agradecín tanto a claridade que anuncia o novo día!

Hoxe pola mañá veume buscar a concelleira de Cultura, unha muller aínda nova. O seu nome é Mercedes, parecía obsesionada por me causar

boa impresión. Subín ao seu coche e deixei levar por onde ela quixer.

A vila está moi cambiada. As miñas lembranzas son pouco de fiar, mais era evidente que dos edificios de había cincuenta anos xa quedaba ben pouco. Nin tan sequera permanecía en pé a casa onde viviramos, substituída por unha fea edificación de seis pisos. Tan só nalgunhas rúas quedan casas de feitura tradicional, resistindo a invasión que acabará con elas nos vindeiros anos.

Tras percorrer as rúas principais, Mercedes levoume a coñecer o parque ao que lle poñerán o meu nome. Cando me decatei da dirección que collía o coche, o meu corazón deu en axitarse dun xeito descontrolado. Tal como ascende a lava dun volcán pola cheminea, así subiron á miña cabeza antigas lembranzas que cría esquecidas. Nuns poucos segundos, todas as circunstancias do «desagradable incidente» que a miña nai e os psiquiatras sepultaran no máis fondo, volveron a min coa forza dunha ferverenza incontrolable.

O meu corazón non se equivocaba. Tras abandonarmos o coche, a concelleira amosoume orgullosa as instalacións do novo parque. Mais

o que viron os meus ollos era outra realidade ben distinta, a imaxe nítida do que había naquel lugar cincuenta anos antes: a extensa leira de don Mauro. Conservaran os eucaliptos centenarios que medraban na entrada, e tamén a nogueira situada no outro extremo do terreo. Sementaran céspede e plantaran ducias de árbores novas; deseñaran tamén camiños entre a herba, con bancos situados cada poucos metros, enfronte dos que medraban illas de dalias e roseiras. O espazo do fondo reservárano enteiro para o parque infantil, ao que non lle faltaba de nada.

Busquei decontado o lugar onde se alzaba a Casa do Medo. A miña cabeza seguía a vela tal como era entón, aínda que no seu lugar había agora un estanque ovalado cun chafariz no centro, e con varias carpas douradas que nadaban nunha auga transparente.

A concelleira non paraba de falar mentres percorríamos o terreo, mais calou ao decatarse da miña extrema palidez. Preguntoume que me sucedía, e se necesitaba que me vise un médico. Sentei nun banco e díxenlle que só se trataba dun mareo provocado polo cansazo da viaxe; a xustificación pareceu convencela, mais insistiu

en acompañarme á clínica da vila. Como lle ía dicir que a realidade era outra, que naquel intre estaba aterrorizado? Como explicarlle que o «desagradable incidente» regresara como un furacán ao meu cerebro, e con el os terrores agochados durante tantos anos? A aventura terrible que os psiquiatras conseguiran sepultar retornaba agora para reclamar o seu espazo. E con tanta forza!

O seu regreso foi tan intenso como para obrigarme a tomar a decisión de contalo todo, por primeira vez na miña vida. Non atopo outro xeito de me liberar desta angustia que me invade. Son as nove da noite, acabo de encargarme que me suban a cea ao cuarto. Oficialmente, estou indisposto; nada que non poidan arranxar unhas horas de repouso, segundo manifestou o doutor que me atendeu. Aconselloume repousar no hotel, e que ninguén me molestase; o banquete de benvida que organizaran desde o Concello terá que se celebrar sen min.

Pedín tamén un termo de café, e abundante froita, e algúns sándwichs; confío en que será suficiente para aguantar a noite enteira. Pouco

descanso vou ter, non penso deitarme ata contalo todo. De non facelo, non sería capaz de achegarme mañá ao parque e soportar as cerimoniais que me agardan.

É ben certo que podería marchar neste momento, pedir un taxi que me leve ao aeroporto e coller de mañanciña un avión en Santiago, afastarme desta vila para sempre. Mais non o farei; nin é o meu estilo nin tampouco ten sentido enterrar outra vez tantos fantasmas. Así que dispoño das horas desta noite para escribilo todo neste caderno de follas amarelas que veño de mercar nunha librería próxima ao hotel. É hora de saldar dunha vez as contas co pasado, se penso facelo algún día. Basta xa de reviravoltas; debo buscar canto antes o fío que me permita revivir a traxedia dos días que marcaron o final da miña infancia.